

Memorias dunha viaxe de ida por volta á República Arxentina e á Oriental do Uruguay

XULIO CUNS LOUSA*

Aínda non era a do abrente dun escuro e anubrado día do mes de novembro, cando o avión remontando os aires dende o aeroporto galego de Alvedro, pillou rumbo cara ó madrileño de Barajas, onde nos agardaba un monstro con ás que, pouco a pouco, pero sen amosar canseira, ía engulindo homes e mulleres, nenos e nenas, ata un total de catrocentos. En Alvedro unírase á expedición, de motu propio, a Doutora Charo Castells.

Ás doce e media saía aquel prodixio da aeronáutica disposto a facer unha rota que setenta anos antes -eu xa estaba neste mundo- fixeran por primeira vez na historia, o galego Francisco Iglesias Brage e Ignacio Jiménez Martín, partindo de Sevilla nun avión chamado «Jesús del Gran Poder» o vinte e catro de marzo de mil novecentos vintenoventa, desenvolvendo unha velocidade de 153 quilómetros por hora. Pasado o tempo, cando eu fun cumprir o servizo militar, estiven uns meses en Santiago ás ordes do Sr. Iglesias Brage, que era Tenente Coronel do Exército do Aire.

O tempo non pasaba. Miraba-lo reloxo e as horas facíanse interminables. Achegáballo ó oído para comprobar se andaba ou estaba parado. Ás veces preguntáballe ó meu compañeiro de asento que hora tiña él por se o meu reloxo atrasaba. Cristobo -home paciente- miraba o del e coincidía. ¡Cristobo! -que nome máis apropiado para cruza-lo Atlántico... Acordóuseme Colón e a súa compañía. ¿Que pensarían eles? ¿Como estaría o seu ánimo? Isto reconfortaba a un. ¿De que me queixo? Algúns dormían; o meu compañeiro tamén. Eu son de pouco dormir. Nestes casos é unha mágoa. De cando en cando erguíame e pretendía pasear polos corredores que había entre os grupos de asentos, pero, deste xeito, impedíalles a algúns a visión da pantalla de televisión, cine ou o que fora aquilo, onde se podía ver a Antonio Banderas, facendo de zorro, raposo ou o que fora.

O tempo non daba pasado. A eternidade debe ser moi aburrida, insoportable.

Por fin, as oito e media -hora local-, tras doce de viaxe, chegabamos a Buenos Aires. Aínda que alí estaba a principia-lo verán, anoitecía. As luces brillaban máis cada minuto que pasaba. Visto desde o aire o aspecto era asombroso, extraordinario, alucinante. O primeiro que se me ocorreu foi preguntarme onde fabricarían tal cantidade de lámpadas. ¿Cantas serían? Centos de miles...

Aeroporto de Ezeiza.. Xente, moita xente, e no medio dela algúns amigos, moitos parentes, todos facendo preguntas ó mesmo tempo. Imposible contestar. A vista vaise cara a unha cinta sen fin... ¿transportadora? ¿transbordadora?... non sei como se dí, pero, ¿explícome? Enriba dela bailando unda danza en círculo, maletas, bolsas... ¿cales son as miñas? As luces de neón cambian a cor das cousas. Por fin atópoas. Os parentes e os amigos desapareceron xa. Hai que montar no «colectivo» que nos leva ó hotel. Asearse e hai que saír para o Centro Betanzos. Beatriz Lagoa, a Presidenta, danos a benvinda e ofrécenos unha cea no restaurante da planta baixa.

* Xulio Cuns Lousa é autor de diferentes estudos sobre aspectos puntuais da Historia de Betanzos, tamén é autor de relatos curtos e obras teatrais, recollidos en varios libros. É secretario e asesor do Anuario Brigantino.

Un está alí e non consegue afacerse. A forma de ser, o xeito de falar, os costumes... todo é diferente. Conforme vai pasando o tempo vaste decatando.

Lembro que o día que chegamos ó hotel, na recepción tomáronnos a filiación e distribuíronnos as habitacións. Cando o señor me entregou a chave e me devolveu o documento de identidade díxome:

-Así que todos ustedes son españoles.

-Si, señor.

-Aquí se alojan muchos españoles. Entre ellos hay unos músicos de una orquesta...

Pareceume que a referencia ós músicos a fixera nun ton algo despreciativo. Ós dous días vin a este señor colocando un cartel no taboleiro de anuncios, que dicía: «AVISO: Los integrantes de la Orquesta Sinfónica Nacional de España saldrán para Portoalegre a las 8.»

No xornal titulado «LA PRENSA», do luns día 30 de novembro, nas páxinas adicadas a espectáculos, traía a reseña do concerto que a tal Sinfónica dera no Teatro Colón -un dos mellores do mundo, cunha adicación especial á música-. Un concerto baixo a dirección de Rafael Frühbeck de Burgos, o sábado 28 do referido mes, xusto á mesma hora en que nos estabamos chegando. A reseña e crítica deste concerto, eloxiosa dende o principio ó final, entre outras cousas, di: «Luego llegó la hora del ‘Concierto de Aranjuez’, de Joaquín Rodrigo, donde brilló con su guitarra Pepe Romero (...) que electrizó a la concurrencia.» Máis adiante: «Concluida la presentación los insistentes aplausos y bravos hicieron que Pepe Romero hiciera un número fuera de programa con una ‘fantasía andaluza’ de su padre. A ésta que -según el intérprete- hubiera gustado a su padre estrenar en el Teatro Colón, le siguió el ‘Recuerdo de la Alhambra’ de Tárrega...»

O día que saían a Orquesta e Pepe Romero para tocar en Portoalegre, había alguén no salón-recibidor do hotel probando unha guitarra dunha señora, empeñada en que aquel que a probaba, lle dera a súa opinión sobre a calidade do instrumento, que pertencera ó concertista arxentino Ernesto Bitetti. Mentres o señor afinaba dicíalle á señora que tiña que ser boa posto que Bitetti xamais tocaría nunha guitarra mala. Cando a deus afinada tocou Asturias, de Albéniz. Nada máis oflo díxenlle a quen estaba comigo: «Ese que toca é un mestre.» Erguinme, achegueime un pouco. Efectivamente, era Pepe Romero. Cando a señora marchou, agradecida e contentísima, falei con el un momento para mostralle a miña admiración e comprobei que hai xente que, canto máis importante é menos importacia se dá.

Alguén poderá preguntarse quen é este Pepe Romero, xa que en España non é moi coñecido. Inda non vin anunciado un disco del. Non teño idea do por que nin tampouco da razón de que xamais se lle teñan organizado concertos en ningunha localidade deste país.

Non hai moitos anos que eu oín falar del. O seu nome fíxome pensar nun guitarrista de flamenco, algo así coma Paco de Lucía. Pero cando oín algunha gravación en cinta magnetofónica, non comercializada (¿por que?) comprobei que aquel home estaba chamado, cando menos, a optar para ocupar algún dos postos que ocuparan Andrés Segovia e Narciso Yepes, antes do seu falecemento, en franca competencia co inglés Julian Bream e co australiano John Williams.

SAN TELMO:

Tódolos domingos do ano celébrase na praza de San Telmo un mercado no que se venden as cousas máis heteroxéneas: Libros vellos, obxectos de prata, reloxos de todo tipo, instrumentos musicais, espellos antigos, candelabros, medallas, en fin, de todo. Ven sendo algo así coma o rastro de Madrid. Pero non; non lle chaman rastro, porque Buenos Aires é unha cidade afrancesada, entón chámanlle La Pulga, imitando ó que hai en París, denomina-

do Marché aux puces, literalmente, mercado das pulgas cousas velhas. Na feira de Betanzos había, cando eu era rapaz, dúas seccións: unha, o baratillo, destinada á venta de roupa e calzado usados; e a outra os ferros vellos que, en parte aínda existe, destinada a toda clase de achifárganos e chafalladas.

Alí merquei unha caixa con ex libris e algúns libros, entre eles un diccionario de Lunfardo. Amenizaban a feira dous grupos musicais que interpretaban tangos e que o facían ben. Arredor, en case tódolos baixos que encadraban a praza, había restaurantes, bares e boliches.

Falei antes de que Buenos Aires era unha cidade afrancesada. Isto nótase en moitas palabras de uso común e ordinario. Por exemplo: ó diñeiro chámanlle ‘plata’, do francés argent; ó camareiro, ‘mozo’, de garçon; ós metais, sección de instrumentos musicais de metal, ‘cobres’, de cuivres e así poderíamos seguir tempo e tempo. Menos mal que tiveron a boa idea de traducir as palabras ó idioma castelán.

Este afrancesamento chegou tamén ó Lunfardo, argot utilizado en Buenos Aires, equivalente ó caló que se usa en diversas zonas de España, entre elas Madrid. Son exemplos: Guíne, do francés guigne: mala esterella; macró, de marquereau: proxeneta; loreta, de lorette: muller de costumes libres, etc. etc. Con respecto á palabra «Firulete» o indicado diccionario daia como derivada do español Floreta, certa bordadura, certo movemento de danza. José Gobello, autor do referido diccionario e membro da Academia Porteña del Lunfardo, non sabe que esa palabra existe en galego co mesmo significado que tamén ten en lunfardo: filigrana,. Parece mentira que ese home que busca as etimoloxías no castelán, francés, italiano e inglés, non o fixera en galego dada a cantidade de xente que o falaba entre os emigrantes.


AFUNDACION FAVALORO:

Invitados por Carlos Penelas, gran poeta arxentino, fillo de pais galegos, procedentes de Espenuca, fomos visitar a FUNDACION FAVALORO, da que el é administrador.

Esta fundación radicada nunha céntrica rúa de Buenos Aires, nun enorme edificio dotado de tódolos medios para o exercicio da medicina e cirurxia Torácica e Cardiovascular, especialidade do doutor René G. Favalaro, de quen é propiedade a tal fundación, así como unha Universidade privada, funcionando coma facultade de Medicina.

O Doutor Favalaro, que naceu na cidade de La Plata no ano 1923, doutorouse na Universidade da mesma cidade, comezando a exercer a súa profesión, na poboación de Jacinto Aráuz, na Pampa, durante once anos. No 1962 trasladouse ós Estados Unidos, onde estivo por espacio de dez anos na Cleveland Clinic Foundation como membro do Departamento de Cirurxia Torácica e Cardiovascular e, nese tempo foi cando realizou o traballo fundamenetal da súa carreira: a cirurxía directa de vascularización miocárdica, coñecida internacionalmente como BYPASS ou ponte aortocoronario.

Nada máis nomealo. Con dicir soamente Doutor Favalaro, os arxentinos amosan unha actitude expectante: O respecto, cariño e admiración que senten por este home é moi



Obelisco da "Plaza de Mayo".

grande, extraordinariamente grande, percibíndose a sinceridade con que o expresan.

Sería interesante, pero prolixo, describir tódolos detalles que a integran, xa que nos foi amosada na súa totalidade e cunhas explicacións do noso cicerone Carlos Penelas, tan claras e exhaustivas como interesantes pero que ocuparían todo o espazo deste traballo.

Nun dos corredores da fundación atopámonos con Tita Merello, baixiña, moi delgada, enfundada nunha bata, axil de movementos e pensamento, que nos falou cunha voz pausada e dun timbre precioso, por algo foi unha das grandes do tango. De cara moi guapa, non aparentaba máis de sesenta anos, anque pasaba dos noventa. No ano 1937 interpretou a película de Luis Salavsky «La fuga», na que cantou, entre outros, o tango Niebla del Riachuelo...»amarrado al recuerdo yo sigo esperando; niebla del Riachuelo, de ese amor para siempre, me vas alejando...» Pero xa antes estreou en Buenos Aires: ¡Que va cha ché!, de Enrique Santos Discépolo: «Piantá de aquí, no vuelvas en tu vida. Ya me tenés bien requeamurada. No puedo más pasarla sin comida ni oírte así decir tanta pavada...»

Abriuse a porta do despacho do Doutor Favaloro que agardaba para recibírnos. Fun o último en entrar porque quedei mirando para aquel zorzal criollo que parecía ía voando a saltiños moi pequenos polo corredor adiante, ata desaparecer. ¡Adeus, Tita Merello!

Recibiunos o Doutor. Alto, esguío, serio, agradable, condescendente, sen aspecto de sabio nin de xenio. Xa estivera en Galicia pero prometeu volver. Falou de moitas cousas. Contestou a todo canto se lle preguntaba. Demostrou o coñecemento que ten de tódolos temas que tocou: o humanismo de que está imbuido o seu pensamento; a bondade que espárese o seu corazón; a rectitude e honestidade da súa vontade e do seu proceder...

Sáímos...¿ledos? ¿abraiados?. Non sei atopar o adxetivo que lle corresponde, pero sei que saímos sendo mellores que cando entramos. O médico bo cura todo.

Regaloume un libro titulado **RECUERDOS DE UN MÉDICO RURAL**. Cando levantei a capa vin que estaba adicado. Emocioneime. Lino en canto tiven o tempo suficienete. Non ten desperdicio. Nel vai contanto as súas experiencias e as peripecias que lle ocorreron nun pobo pequeniño chamado Jacinto Aráiz, na zona de Bahía Blanca, provincia de Buenos Aires, onde foi para substituír ó médico titular que tiña que sufrir unha operación. Ese médico morreu e alá quedou o señor Favaloro por espazo de once anos, nunha zona na que: «La organización de la familia es eminentemente patriarcal, el padre es el jefe indiscutido y todos le tributan respeto. (...) Así era común que algunas de estas matronas durante la consulta expresaran sin sonrojarse: -Estoy jodida, che doctor. -No cago bien. -No me va bien. Al principio me producía cierta hilaridad pero luego me fui acostumbrando (...) Cada vez sentía más fuerte el desafío, mi eterno motivo de vivir. (...) ¡El día que se terminen los desafíos habré muerto! (...) ¿Límites? Eso significa detenerse. Desgraciado el que llegue a conformarse. Como Martín Fierro siempre he pensado:

Derecho ande el sol se esconde,
tierra adentro hay que tirar
algún día hemos de llegar
después sabremos adonde.»

Conta moitas cousas e nun momento determinado fala dunha «comadrona», doña Irene, que moitos coñecían como «la Vieja Pico Chueco», que exercía a súa profesión no seu rancho: «Allí iban a parir las mujeres probres (...) Se encariñaba con los chicos y éstos al encontrar afecto y ternura que prodigaba a manos llenas, se le iban acoplando. Alguna madre soltera, de vez en cuando, le dejaba también su regalo.» A aquela señora, que el veu que era intelixente e boa, ensinouna e quedouse onda el como axudanta..

«Yo quiero rendir aquí mi homenaje a doña Irene y a las otras comadronas que nos ayudaron con su esfuerzo.»

Ademais da medicina, outra das súas preocupacións, era o ensino: «En el primer nivel estaban los maestros, no solo los que ejercían en la escuela del pueblo sino aquellos que estaban dispersos en las zonas rurales. (...) La tarea que cumplían y siguen cumpliendo es de tanto valor que no me cansaré de agradecerles lo que han hecho y hacen con nuestra niñez. Con sueldos miserables, viviendas inadecuadas, muchos de ellos enterrados en el monte, sin medio de movilidad la mayoría de las veces y socorridos por los vecinos, cumplen su deber con abnegación, decencia y estoicismo. (...) En estos días en que tanto hablamos de la Universidad (setiembre de 1979), yo creo que hemos perdido el derrotero en cuanto a prioridades en la enseñanza. Nos debería preocupar más la primaria y la secundaria -pues es en la niñez y en la pubertad cuando se forma el ciudadano del futuro- que la universitaria, que si se la analizara en profundidad tendría que rendir cuentas al país por su ineficacia. (...) En estos pueblos el trato con los pacientes es diferente de las ciudades, la relación médico-paciente es profunda y se basa en la amistad y en la comprensión mútua pues se convive en un mundo pequeño donde al paciente no solamente se lo ve en el consultorio o en la visita domiciliaria sino en el trato diario.»

Conta tamén cando o chamaron para ver a un rusoalemán que vivía lonxe e a onde había que ir por un camiño intransitable. Cando chegaron alí xa estaba morto. Impresionouno o ve-las paredes cubertas de sábas brancas como símbolo de pureza «¡Y no otra cosa podía ser en el caso de este rusoalemán que había elegido un lugar inhóspito para criar a sus hijos y nietos! Inhóspito pero virgen de los males y vicios de la civilización. (...) Las facultades de medicina se han ido deteriorando con el tiempo y no son más que fábricas de títulos. (...) Una vez más habrá que recordar aquello de que la libertad no solo da derechos sino que también genera obligaciones.»

Cando vai acabando o libro di que algunha vez podía permitirse o luxo dunhas vacacións: «No viajábamos solo para ver las bellezas de nuestra patria, sino para conocerla y comprenderla en profundidad.» E nas derradeiras páxinas Escribe: «¡Poco quedaba de aquel médico joven que, a principios del '50 pensó que en tres meses estaría de vuelta en su ciudad natal! Su alma estaba enriquecida, había vivido intensamente... (...) A pesar de la abundancia de médicos carecemos de una medicina organizada. Todos somos culpables, pero si hubiera que repartir responsabilidades las mayores caerían sobre las clases dirigentes. ¡Si resurgiera San Martín caparía a lo paisano varias generaciones de mandantes!» E acaba dicindo: «Perdóneseme tanta franqueza.»

TRES TEMAS E TEIMAS DAS RIBEIRAS DO RIO DE LA PLATA

1ª O MATE.- Non é algo exclusivo das dúas ribeiras do citado río, xa que se toma en toda a América meridional. Trátase dunha infusión de follas da árbore ou herba do Paraguay, chamada tamén té do Paraguay. No Brasil tómase en cunca o mesmo que o té normal, e no resto dos países nunha pequena cabaza, tamén denominada mate, chupando por unha especie de tubo, chamado «bombilla», que pode ser unha cana ou feito de metal, polo que zagan tódolos que están na reunión. Cando se trata de xente de certa alcurnia a «bombilla» é de prata, xa que din que sendo deste metal non se contaxian nin transmiten posibles enfermidades que algún dos reunidos poida ter.

Pola mañá cedo vese moita xente pola rúa cun termo prendido co brazo esquerdo, debaixo da axila, provisto de «bombilla», que vai para o traballo, zugando mate.

2ª A CARNE: O asado -de carne, naturalmente- é a comida nacional, tanto nas casas coma nos restaurantes. Hai moitos destes onde non cocían outra cousa e xa lles poñen ós establecementos os nomes adecuados: LA CHACRA, LA ESTANCIA, etc. Certo que nestes países a carne é moi saborosa, exquisita, pero cansa. Un día metínme nun estaurante e, antes de sentarme, preguntei se había peixe. Dixéronme que si e déronme a carta. Abrina e cando cheguei onde dicía «Pescados», como estaba por orde alfabético, o primeiro que vin foi «abadejo», pedino e tomei dous pratos del, cocidos de diferente maneira. Por certo que estaba moi rico.

3ª O TANGO.- O tango tamén é un ritual, coma as dúas teimas anteriores. É incuestionable que a súa aparición constituíu un fenómeno social, aínda contando con que coincidiu, máis ou menos, coa aparición do «jazz». Estes dous xéneros, en unión do «rock», convulsionaron a música popular no mundo enteiro. Pero volvamos ó tango. ¿Que é?

Ernesto Sábato, o enxeñeiro e profesor da Universidade de La Plata, onde explicou física nuclear, que traballou en París con Irene Joliot-Curie (1938) e en Massachussets (1939) en experimentos nucleares e que deixou todo pola literatura, dixo: «El tango es la única danza popular introvertida, a la inversa de todas las danzas populares que son extravertidas. El tango es triste, es dramático, expresa muy bien el rasgo esencial del hombre rioplatense; su frustración, su nostalgia, su espíritu retrospectivo, su desencuentro, su rencor y su descontento.»

Foron moitos, rioplatenses ou non, os que escribiron sobre o tango e tamén sobre todo aquel mundo diferente que se inventou ó seu redor. Foron moitos, naquela hora, os acontecementos que afectaron a un mundo convulsionado polo independentismo de tantos países, coa adopción, por todos eles, do sistema republicano; o desmembramento e desaparición de case tódolos imperios; os grandes inventos: a luz eléctrica, o teléfono, o telégrafo, o cine (alí aínda algúns lle chaman biógrafo); a televisión, a aviación...

Pero estoume desviando do meu tema, empecei a divagar, xa que estaba falando do tango e dos que escribiron sobre el. O compositor Enrique Santos Discépolo, dixo: «El tango es un pensamiento triste que se baila.»

¿Cando empezou tango? Vou seguir a José Gobello, xa citado, estudioso de tódalas materias que atinxen, en menor ou maior grao a este fenómeno musical. Di el no prólogo a un libro titulado LETRAS DE TANGO, da Biblioteca de la Cultura Argentina - Ediciones Nuevo Siglo - 1977: «La primera letra de tango cantada profesionalmente (...) fue seguramente La Morocha. Eran versos de Angel Gregorio Villoldo, compuestos sobre una música previa de Enrique Saborido. (...) El tango profesionalmente cantado -no el tango canción, que es otra cosa- habría nacido, pues, en 1905. No hay más prueba de ello que los recuerdos de Saborido.»

Emporiso, no mesmo libro aparecen dúas letras de tango máis antigas: Unha titúlase Justicia Criolla, de 1897, que comeza así:

Era un domingo de carnaval
y al Pasatiempo fuime a bailar.
Hablé a la Juana para un chotis
y a enamorarla me decidí.

¿Sería este «Pasatiempo» o que traería na súa memoria don Juan-Maria García Naveira, desde a Arxentina, para poñerllo ó homónimo que él fixo aquí?

O outro tango titúlase El Porteño, de 1903, da autoría do xa mencionado Villoldo.

Segue o prólogo dando noticias de tan fausto acontecemento, dicindo: «Es posible que ya para entonces anduvieran otras letrillas cantadas con ritmo de tango, por decirlo así, algunas contrafactas o contrahechas -eso que llaman parodias- de canciones y de versos populares. Por lo pronto es sabido que alguien cantaba cosas como éstas:

¿Dónde vas, che, café apurado?
A lucirte seguro al café
donde está tu querida Rosaura
también luciendo un vestido chiné.
¿Dónde vas con melena y chambergo,
dónde vas retaquando tu pie?
Al paseo a buscar las chinelas
para irme a bailar un minué.

Estos versos son de Juan de la Calle, peretencen a «El canfinflero» e foron editados en 1906.

¿Non lles soan a algunha canción española? Proben a entonalos pódolle música de La Verbena de la Paloma, de Bretón, a aquel schotis que di: ¿Dónde vas con mantón de Manila?...

E así empezou o tango que inundou o mundo enteiro. Así se oía cantar: «Canfinflero peligroso, no tanto como el caften.» Canfinflero é o rufián que explota a unha muller e o caften o que explota a catro..

Cuando el bacán (1) está en cana (2)
la mina (3) se peina rizos:
No hay mina que no se espiente (4)
cuando el bacán anda misho. (5)

Chegou a tanto a influencia do tango que trozos de letra destas cancións usábanse como retrousos. Así, cando un tiña un revés, ó comentalo, dicíase: La vida es un tango.» Ou «la culpa fue de aquel maldito tango.» Cando a alguén lle facían un encargo e se esquecerá del, contestaba: «La guitarra en el ropero todavía esta colgada.» Algún que entraba nun bar: «Eche, amigo, no más; écheme y llene...» e se ó sair tropezaba: «Un tropezón cualquiera da en la vida...»

Todos, ou case tódolos porteños teñen devoción polo tango, incluídos, aqueles músicos profesionais dun xénero de música tan distinto como é a clásica. Daniel Baremboim, prestixioso director de orquestra e un dos mellores pianistas do mundo, dixo un día: «Pasé los primeros años de mi vida en Argentina, solamente en Argentina. El resto del mundo estaba muy lejos. Todo lo argentino estuvo junto a mi corazón. Los conceptos de existencia cosmopolita o pensamiento internacional aún no habían despertado. El aire que respiré fue



O autor, Xulio Cuns, ante o monumento ó fundador de Buenos Aires, Juan de Garay e a árbore de Guernica (reproducción).

- (1) Que vive á conta dunha muller.
- (2) Anda fuxido.
- (3) Concubina.
- (4) Escape.
- (5) Pobre.

Buenos Aires, el idioma que hablé fue el «porteño» y el ritmo que bailé (hablando en forma figurada...) ¡fue el tango! Mi ídolo fue Carlos Gardel. Casi medio siglo después, regresé no solamente a Argentina, no solamente a mi infancia sino especialmente a Mi Buenos Aires querido y otras muchas maravillosas melodías que forman parte de este disco sentimental.»

Xa dixen antes que case tódolos porteños eran devotos do tango. Jorge Luis Borges confesou que non o era, que da música popular arxentina lle gustaba a milonga e non o tango.

Sen embargo no libro antes citado LETRAS DE TANGO, aparece unha da súa autoría, titulada ALGUIEN LE DICE AL TANGO, que, como todas trae unha nota ó final, onde di: «Letra de Jorge Luis Borges, música de Astor Piazzolla. Es una de las once composiciones incluidas por Borges en su plaquete para las seis cuerdas publicada en 1965, y una de las cuatro de ellas musicalizadas por Astor Piazzolla y cantada inicialmente por Edmundo Rivero.» Hai que facer constar que esta letra ten máis calidade literaria que as demais.

PRAZAS E RÚAS DE BUENOS AIRES

É tan inmensa esta cidade que se quixeran editar un plano da mesma necesitaríase, non unha folla, senón un atlas.

Pois con ser tan grande, un dos da expedición saía tódalas mañás cedo, cunha saqueta na man, a visitar familiares e amigos, levándolles agasallos. Non precisaba de guía pois vivira alí moitos anos, adicándose, parte deles, á profesión de taxista. Tiña grande preocupación por una súa tía, moi maior, que padecía demencia senil. Atopouna nun xeriátrico, de que xa traía referencia e ficou contento do ben que estaba tratada.

Nós parabamos no CITY HOTEL, ubicado nunha das grandes avenidas, tan preto da Praza de Mayo que a edificación da súa esquerda xa daba fronte á mesma. Nesa Praza están a Casa Rosada, residencia do Presidente do país, a Municipalidade, o Cabildo, que ven sendo o edificio histórico máis importante, xa que alí foi onde pegaron o primeiro berro de liberdade e independencia; a Catedral, cunha fachada que imita o Partenón e Atenas, con pouco acerto e sen moito mérito arquitectónico. Dentro está o catafalco do Xeneral San Martín.

As avenidas son fermosas e moi espaciaosas, coas «veredas» cheas de jacarandás, que estaban en flor, dun azul precioso. As rúas máis importantes, todas elas peatonais, son moitas: Florida, Corrientes, Lavalle, tantas... Agora véñeme á mente o tango Tristezas de la calle Corrientes, que termina dicindo:

Calle
como valle
de monedas para el pan...
Río sin desvío
donde sufre la ciudad...
Los hombres te vendieron
como a Cristo
y el puñal del obelisco
te desangra sin cesar...

Non...; non é un puñal; non é un facón (aumentativo de faca). Non; é un cravo cravado do fondo da terra para fóra... ¿Que quixeron facer? ¿Imitar o obelisco da Place Concorde de París? Pois non o conseguiron. Considéranlo un monumento emblemático, como vin que facían o día no que BOCA gañou un campionato de fútbol. A cidade de Buenos Aires

virouse tola. Taxis e coches de todo tipo, enarborando bandeiras do equipo gañador, tocando arreo as bucinas. O obelisco moi grande, non é airoso. Emporiso alí está desangrando a rúa «Corrientes, 3, 4, 8, segundo piso ascensor...»

Ah. Quedábanme sen citar a Avenida 9 de Julio, a máis ancha do mundo, segundo din e a «calle Ribadavia», que é a máis máis longa do mundo, xa que ten veintitrés quilómetros. Estando alí, no seu comezo, comentaba eu que, cando era neno e se falaba dela, dicía algún. ¡Coma desde aquí á Coruña! E todos quedabamos calados imaxinando nas nosas cabeceiras como sería, sen poder verse o remate. Algún exgramou: ¡Vintetrés quilómetros! E dous arxentinos que pasaban naquel momento, pararon dicindo un:

-¡Quéespesanza, che! ahora ya son setenta. ¿Viste?

E o outro rectificou:

-Ohenta y sinco, ¡no más!

¡Hai que ver como medran as cousas neste país!

AS OBRIGAS:

As visitas ós parentes, ós amigos. Asistencia a algunhas conferencias: No Ateneo Curros Enríquez, da Federación de Sociedades Galegas, con presentación de Carlos Penelas, acreditado poeta arxentino; Centro Betanzos de Buenos Aires, presentación do Alcalde Sr. Lagares; e no Patronato da Cultura Galega, de Montevideo, con presentación do Concelleiro brigantino Sr. Beade.

Banquete homenaxe ós expresidentes do Centro Betanzos, que aínda se atopan vivos: Antonio Suárez Dopazo, Andrés Beade, Luis Rifón e Oswaldo Dans, co acordo, por parte do referido Centro, de nomear ó Alcalde de Betanzos, Presidente Honorario.

Neste acto e en outros que se levaban xa celebrado neste local, estiveron tantos betanceiros que é imposible lembralos a todos: Antonio Suárez, a quen todos coñecen por Fernando; Titín o Carretero e a súa dona Pili Filgueiras; os fillos do «Caixa» (a Maruxiña, hoxe en día, tristemente falecida o Moreno, coñecido alí polo Fusilado; o Xirocas, que cando llo chamei, quedaron todos mirando para el: ¿Que che chamou? O meu nome betanceiro, contestou Xaime Pita Vales; outro que se me plantou diante e que me di: ¿Quen son eu? Mireino e, inconfundible: -Ti eres Chucho Cachaza. -E a primeira vez que mo chaman desde que saín de Betanzos. E moitos máis... Entre eles don Manuel Naveira, un dos descendentes daquel mítico «Niño de Oro», don José Roque Naveira, que regalara dúas tandas de instrumentos para a Banda Municipal; dúas casas na Rúa Nova, que se destinarían: unha para escola de música e a outra para instituto; o reloxo da Praza e ultimamente o que queda do que foi Residencia de cegos, fronte a Bella Vista.

EXCURSION Á PAMPA:

Curiosa excursión a unha Estancia, unha facenda no campo, destinada máis que nada á cría de cabalos, sita xa na provincia de Buenos Aires, fóra da Capital Federal. Recordo un aduar de beduinos. Moita lona para dar sombra ás mesas, onde logo comeremos o consabido «asado». A traveso duns altofalantes oimos, ¡por fin! música tipicamente arxentina, interpretada por «Los Chalchaleros», magnífico grupo salteño. Quédome a escoitalos. Dende onde estou sentado tamén vexo o que pasa fóra, na pradeira inmediata: unha chaira inmensa, con herba que nace moi rareada. a petadas: unha aquí, outra acolá. A maioría da xente vai a se divertir montando da cabalo. Estes non son coma os das rapas das bestas daquí de Galicia. Estes están moi domados, ensinados e cansados de facer tódolos días a



O autor, Xulio Cuns, na conferencia pronunciada no Ateneo Curros Enríquez da "Federación de Sociedades Gallegas" da Arxentina.

mesma función. Tanto é así que vin un que, por moito que o incitaba, encirraba e provocaba o cabaleiro el quedaba impávido pacendo. Ata houbo alguén que o arremuxaba polas ancas, pero o cabalo nada. Eu pensei se habería que darlle corda, coma ós de xoguete.

ESPECTÁCULO PORTEÑO NA VENTANA:

Había intención de ir ó Viejo Almacén, lugar no que, segundo parece, naceu o tango, pero informaron que naqueles días non era oportuno, xa que o espectáculo que se estaba a representar non era moi bo, por non dicir que era malo. Fomos á Ventana. E tocounos ó carón duns brasileiros que non entendían como uns «espanhois» falaban cáseque coma eles. O espectáculo francamente bo. O cantor principal, extraordinario. Os números de baile, moi ben. E a orquestra excepcional, tanto que lles merquei un disco, que da gusto oílo.

RECOLETA DIURNA:

Fomos á Recoleta polo serán. Así se chama un cemiterio pequeno. Non sei se será a causa do seu nome. En Buenos Aires o cemiterio grande, chámase Chacarita. A min leváronme á Recoleta para ver a tumba de Eva Perón. Francamente non me gustou nada, Moi recargada. Moitos firuletes. Ademais hai tantos túmulos nun sitio tan pequeno que parece que tropezan uns cos outros. É afogadizo. Parece un almacén de mortos. Ó saír fomos tomar un refresco na terraza dun bar que estaba enfronte mesmo. Tranquilidade. Á sombra dun gomero, árbore da que se saca o caucho. Matrimonios con nenos, estes xogando á pelota. A árbore é inmensa.

RECOLETA NOCTURNA:

Imos á Recoleta. Era unha noite calorosa. As terrazas cheas de xente, bebendo, ceando, conversando sobre todo o divino e o humano, discutindo negocios. Non hai moito sitio para sentarse, ó fondo hai unha mesa. Aparece un amigo, galego, pero non betanceiro. Móvese neste ambiente coma o peixe na auga. Coñece ben o país e, en especial, esta zona.

Xove, alto, pelo rizo moi negro. boa facha. Alguén o bautiza: El Tigre de la Recoleta.

Xa levabamos tempo alí cando mirei para atrás e vin un muro que se me fixo coñecido.

Pregunteille ó que tiña ó lado:

-¿E este muro?

-É o do cemiterio. E este bar é o mesmo no que estivemo-lo outro día.

AL URUGUAY...

Preto do mediodía embarcamos no hovercraft, que quere dicir aerodeslizador, pero para escribilo plancha máis a primeira palabra que esta. Trátase dun transporte aeromarítimo, de aspecto moi bonito, con tódalas comodidades, no que se navega placidamente, xa que, anque o vemos ir pola auga, segundo din os que saben, leva por debaixo algo así coma un colchón de aire. Saimos de Buenos Aires rumbo a Montevideo e o cruceiro leva dúas horas e media. Xantamos na nave. Imos vendo, primeiro a costa arxentina, logo só o Río de la Plata, nome moi bonito para unha auga tan barrenta, e logo a costa do Uruguay. Por fin Montevideo. No porto uns cantos navíos de guerra destartalados. Ó lonxe tamén se ve un barco alemán, fundido pola escuadra aliada, na Segunda Guerra Mundial

Empezamos a saír coches e xente que parecía que nunca máis se acababa. Eu, tras dicirlles ós demais que non se alonxaran moito, quedeime un pouco tratando de ler unhas letras metálicas que había na popa do navío. Debía ter unha cara de parvo tan grande que un uruguayo achegouse a min, sorrindo e con aire de superioridade:

-¡Qué, che gallego, hermosa nave, no más!

-Si, moi bonita e moi cómoda. ¡Unha marabilla!

-Acá no es como allá. La tecnología... ¿Que miraba?

-O que di aí. Lea-. Alzou a cabeza cara ó escrito que estaba eu mirando antes e puido ler en letras de metal branco: CONSTRUIDO EN LOS ASTILLEROS BAZÁN - CADIZ.

Baixou a cabeza. Eu remachei:

-Cadiz está en España-. E marchei onda ós meus compañeiros. Nese momento estalou unha tormenta estrondosa, que non durou nin cinco minutos, pero...

CENTRO GALLEGODE MONTEVIDEO:

Moitos betanceiros, considerando así, naturalmente, ós fillos e descendentes dos betanceiros. Amigos: O Xuxo o Partidor, que fomos xuntos á escola; a Conchiña Faraldo, do meu tempo, que xogabamos xuntos de nenos, na Eira Vella; o Pepe o Mariñeiro e a súa muller, que é irmá do Pachico...

Un dos expedicionarios, que non sabía se quería ou se temía atoparse con algún irmán, xa que o seu pai, despois de andar medio mundo, ficou naquela cidade e alí morreu.

Algúns que foran alumnos das Escolas García Hermanos e outros por lembranza do Pasatiempo, enchéronse de emoción cando lles falou un bisneto de don Juan María García Naveira, Jaime Lafora, que nos acompañaba dende Madrid

Montevideo é unha cidade moi bonita. Visitamos, con guía voluntario, o Lexislativo, edificio precioso onde radican as dúas Cámaras eleixidas para tal función; parque Rodó; Punta Carretas, Parque de las Instrucciones del Año XIII; arredores do Estadio Centenario, do Velódromo; a Ciudadela e o famoso Cerro, antiga fortaleza, desde onde se albisca unha panorámica impresionante de Montevideo ata Punta del Este, cidade de veraneo dos multimillonarios sudamericanos. Á noite unha cea nun restaurante do Porto, propiedade dun galego, que nos tratou a corpo de rey. Graciñas a todos.

VOLTA A BUENOS AIRES NO HOVERCRAFT:

O tempo de estadia vai funxindo, queda pouco e hai que aproveitalo. Visita ó café TORTONI, antigo, con luxosa decoración «fin de século», pero do anterior, naturalmente. Conservación exquisitamente conseguida. Espectáculo de tango nun reservado, que preserva a visión pero non a audición. O personal do establecemento está integrado por xente maior, de trato refinado, aspecto elegante e distinguido, educación esmerada... Nas pausas e nos silencios o pouco espírito que a un lle queda, anecía oír mesturado co fume do tabaco, os murmurios galaicos e morriños de Luis Seoane, Rafael Dieste e tantos exiliados máis, que nas súas xuntanzas e faladoiros aquí celebrados noutros tempos, cos que pretendían busca-la maneira de derrocar ó dictador e sanda-las mágoas que, de sempre, aflixiron á nosa Terra Nai.

Visita a un dos restaurantes LOS INMORTALES, cunha decoración moito máis moderna e atrevida, impactante. Os entrepanos das paredes están cubertos de fotografías dos inmortalis: Carlos Gardel, Alfredo Lepera, Hugo del Carril, Libertad Lamarque, Azucena Maizani, Julio Sosa, Tania, Alberto Castillo, Pascual Contursi, Angel Villoldo, Tita Merello, Enrique S. Discépolo, Aníbal Troilo...

PUERTO MADERO:

Voz que corre por todo o hotel:

-Ás doce e media chega o colectivo para levarnos a Puerto Madero. Hai que ir de gravata e con chaqueta. (Non dicían saco).

Esta visita logrouse gracias ós bos oficios de dous betanceiros alí afincados: Enrique García Calvo e Antonio Vidal Dans.

Chegamos. Impresionante, Extraordinario. E aquilo que estamos vendo non é máis que o formento do que se vai facer... (se se fai, pensa o galego) o resto figura nunha revista que nos entregan, ARQUIS, ARQUITECTURA Y URBANISMO.

O edificio ó que subimos ten feitura de iate e está case totalmente rodeado de auga. Unha vez dentro dache a sensación de que balancea. Xa ó entrar, dous camareiros están ofrecendo, a elixir, champaña ou refresco de laranxa.

Despois de recorrer todo aquilo serven un xantar exquisito, ofrecido polo Dr. Alberto Maques, Síndico Titular polo Goberno da Cidade de Buenos Aires, de Puerto Madero.

DEREGRESO:

Vaise achegando a hora de volver. Borges dixo: «He notado que los viajes de vuelta duran menos que los de ida, pero la travesía del Atlántico, pesada de recuerdos y de zozobras, me pareció muy larga.»

Pillo a maleta, que hai que volver a facer. Ten unha certa emoción abrir unha maleta. ¿Que agardas que haxa nela? Panos de man, calcetíns, roupa interior...uns papeis...¿que son? ¡Ah, xa me esquecera...unhas notas que saquei dun libro da COLECCION ESTUDIO DE CONOCIMIENTOS GENERALES = LA PAMPA ARGENTINA, por Ivar Sefve - Versión del sueco por Jaime Ruiz Manent = Seix y Barral Hnos., S.A. Editores = Barcelona 1941. Empezo a ler algo sobre a cría do gando vacún desde o século XVIII: «El precio del animal era bajo, pues la piel era lo único que de él se aprovechaba. Una piel de vaca o de buey tenía, por tanto, más valor que toda la res viva. (...) Aprendiose la manera de salar la carne de tal forma que fuera posible exportarla.. (...) La cría de ganado vacuno adquirió, sin embargo, mayor importancia al conocerse los interesantes métodos de congelación. (...)

Sólo muy tarde, en cambio, aprendieron los naturales de la Argentina a valorar la leche y sus productos: la manteca y el queso. La primera quesería fue montada en 1889 por un grupo de suecos. Antes de esa fecha se ordeñaban, ciertamente, las vacas, pero sin método alguno, pues no se conocía la explotación regular de la leche y sus productos. En muchos puntos de América del Sur sigue ocurriendo lo mismo hoy día. (...) La manteca que se sirve en los hoteles de Bolivia es, pues, leche en conserva importada en latas desde Suiza, Francia o Dinamarca.»

OUTROS PRODUCTOS:

Hoxe en día están avanzando moito na elaboración, manufacturación e industrialización de moitos produtos autóctonos que son, xa de por sí, de moita calidade. por exemplo:

Arxentina é o país que máis sidra produce do mundo, tanto «concentrado de mazá» como «achampanada», cunha calidade que compite coa asturiana «El Gaitero», con permiso desta marca de Villaviciosa, «famosa en el mundo entero»

Tamén é un dos países máis produtores de cervexa. A marca máis corrente é QUILMES, cunha calidade extraordinaria, en opinión unánimade todo o grupo.

Tampouco en canto ó viño, especialmente o producido na provincia de Mendoza, teñen nada que envexar a ningún país europeo, se se exceptúan esa media ducia de reservas de marcas das que todos oímos falar e que teñen precios desorbitados.

A ARGENTINA É TAN GRANDE QUE PARECEN DÚAS: ¿OU SERÁ ASÍ?

Cando falei de Puerto Madero citei ó Síndico Titular polo Goberno da Cidade de Buenos Aires. Hai tempo aquí en Betanzos era raro quen non tiña algún parente na Arxentina, pero todos dicíamos que os nosos parentes estaban en Buenos Aires e pode ser que esta fora a verdade, porque unha cousa é a Arxentina e outra Buenos Aires. Chega a tanto esta disociación que existe una Constitución para a República Arxentina e outra para a cidade de Buenos Aires. Desta última teño un exemplar no meu poder á disposición de que o queira comprobar. Polo tanto hai dous gobernos. O día seguinte a nós chegar alí había eleccións en Buenos Aires e non no resto da república.

No Capítulo Primeiro do Título Preliminar da Constitución da cidade de Buenos Aires, entre outras cousas, dí:

«Artículo 1º - La Ciudad de Buenos Aires, conforme al principio federal establecido en la Constitución Nacional, organiza sus instituciones... = La ciudad ejerce todo el poder no conferido por la Constitución Nacional al Gobierno Federal = (...) Art. 3º - Mientras la Ciudad de Buenos Aires sea Capital de la República, su Gobierno...»

Esto explica moitas cousas: Buenos Aires vive de costas á Arxentina. A Arxentina vive convencida de que ten un parente rico en cartos, pero cheo de lacras, que se chama Buenos Aires.

VOLTA Ó FOGAR:

A viaxe de volta dura unha hora menos que a de ida. Tiña razón Borges. Agora hai que descansar. Si. Pero tamén é importante ir ordenando os acontecementos, as experiencias. En toda a viaxe non tomei unha nota. Agora doume conta de que perdín a memoria. ¿Como fago para recuperala? Si, recordo cousas. Comentoos cos compañeiros da viaxe. O único que acordo con toda claridade é que un día que estaba canso de andar, dixo un dos compañeiros:

-Imos a tal sitio, que dende aquí hai só dez «cuadras», ou sexa un quilómetro.

-¿Pero vós tamén credes, coma os arxentinos, que dez «cuadras» son un quilómetro? -
dixen eu, que non tiña ganas de andar.

-Claro que é así. Cada «cuadra» ten cen metros.

-Xa o sei -respotei-. Pero despois de cada «cuadra» ven unha rúa. Ou sexa, que neste caso hai nove, polo menos. E as rúas aquí teñen algo máis de ancho que as calexas do Campo, en Betanzos. Do que si me lembraba era de varias impresións, porque estas non se gardan na memoria, xa que se gravan noutro sitio. Unha delas foi a mesma que dalí trouxo o médico galego Roberto Novoa Santos, cando regresou de dar unhas conferencias por aquelas terras: «Sobre todo gardo a visión panorámica dun pobo inmaduro, pero preñado de posibilidades.»

Algo ía mellorando, pero un día pillei un caderno no que anoto frases e pensamentos de xente famosa e intelixente, que me causan admiración, ou simplemente que me gustan. Escollín as catro que van a continuación, xa que todas disculpan, máis ou menos, os fallos da memoria, que sempre veñen sendo fallos da verdade:

Ernesto Sábato: «Yo creo que la verdad es perfecta para las matemáticas, la química, la filosofía, pero no para la vida. En la vida, la ilusión, la imaginación, el deso, la esperanza cuentan más.»

Jorge Luis Borges: «La palabra del poeta es el último refugio de la nada.»

Juan Carlos Onetti: «La literatura es mentir bien la verdad.»

E, por último, unha frase do escritor uruguayo Felisberto Hernández, que tamén fago miña: «Sepan que olvidar lo malo también es tener memoria.» □

Recepción do Síndico de Puerto Madero de Buenos Aires ós galegos encabezados polo Alcalde de Betanzos.



Anuario Brigantino 1998, nº 21